

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019566	IES de Chapela	Redondela	2023/2024

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	5
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	8
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	9
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	13
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	14
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	14
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	15
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	17
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	18
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	20
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	22
o) Outros apartados	23

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

### **ESO**

Os obxectivos da etapa son os logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave. Así quedan definidos no artigo 6 e enumerados no 7 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato, desenvolvendo a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (en adiante, LOMLOE).

A Resolución do 6 de xuño de 2023, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24, establece, seguindo a lexislación vixente, a implantación por completo das modificacións introducidas no currículo, a organización e os obxectivos pola LOMLOE.

Atendendo ao anterior, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, con especial atención ás relacionadas co ámbito local de Chapela e Redondela, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia en xeral e de Chapela e Redondela en particular, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **BACHARELATO**

Pola súa banda, o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lle permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- p) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e en particular o de Chapela e Redondela, e contribuir á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

#### CICLOS FORMATIVOS

En canto á formación profesional, estas ensinanzas contribuirán a que o alumnado consiga os resultados de aprendizaxe que lle permitan:

- a) Desenvolver as competencias propias de cada título de formación profesional (no caso do IES de Chapela, os títulos de Técnico/a en Farmacia e Parafarmacia, Técnico/a Superior en Dietética, Técnico/a Superior en Documentación e Administración Sanitarias, Técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, Técnico/a Superior en Educación Infantil e Técnico/a Superior en Integración Social).
- b) Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente (farmacia e parafarmacia, dietética, documentación e administración sanitarias, educación infantil, atención á dependencia e integración social, respectivamente), así como os mecanismos de inserción profesional, con especial atención ás ferramentas dixitais de busca de emprego.
- c) Coñecer a lexislación laboral e os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais, así como asumir o compromiso de velar polo seu cumprimento.
- d) Aprender por si mesmas e mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na resolución pacífica dos mesmos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, con especial atención á prevención da violencia de xénero.
- e) Fomentar a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, así como das persoas con discapacidade, para acceder a unha formación que permita todo tipo de opcións profesionais e o exercicio das mesmas, tomando conciencia do perfil feminizado das profesións do ámbito sanitario e social e analizando as súas causas.
- f) Traballar en condicións de seguridade e saúde, así como previr os posibles riscos derivados do traballo.
- g) Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.

- h) Desenvolver as competencias de innovación e emprendemento que favorezan a súa empregabilidade e desenvolvemento profesional.
- i) Prepararse para a súa progresión no sistema educativo, podendo acceder a outros estudos a partir do ciclo formativo.
- j) Coñecer e prever os riscos ambientais.
- k) Adquirir competencias en materia de dixitalización no seu sector produtivo.

Todas as materias, ámbitos e módulos que se imparten no IES de Chapela contribúen coas súas programacións á consecución destes obxectivos a través do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. Ademais das ensinanzas nas aulas, as iniciativas do centro (obradoiros, Brigada Violeta, diferentes clubs, organización e desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, posta en marcha de actividades interdisciplinares coa colaboración e o traballo do alumnado...) contribúen a desenvolver todos estes obxectivos aprofundando na formación integral do alumnado.

Ademais, os proxectos que se levan a cabo no IES (Plans Proxecta, Plans de Formación Permanente do Profesorado, Contratos Proxima, Erasmus+, Proxectos de convivencia, Proxectos de intercambio de linguas estranxeiras e outras iniciativas) desenvólvense co fin de ampliar as competencias do alumnado nos diferentes ámbitos aos que fan referencia os obxectivos xerais sinalados.

Por outra banda, o artigo 14.3. da Lei 3/83 de Normalización Lingüística establece que todo o alumnado debe rematar a ESO e o Bacharelato coñecendo a lingua galega "nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán". Considerando que o alumnado da ESO e Bacharelato do IES de Chapela emprega na vida cotiá case exclusivamente a lingua castelá e carece de espazos e recursos con presenza relevante da lingua galega, o noso centro adquire un papel determinante no contacto do alumnado co galego. En menor medida, dependendo da súa procedencia, acontece o mesmo co alumnado de FP. Tendo en conta este contexto, o noso centro educativo non só debe cumprir co establecido no Decreto 79/2010 (uso do galego nas actuacións administrativas, comunicados, cartelería, etc). Debe existir ademais un compromiso de centro co fomento e uso da nosa lingua en toda actividade promovida polo IES de Chapela co obxectivo de dotar ao alumnado dun contexto no que a lingua galega sexa de uso normal.

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

### ESO

As competencias clave son definidas no artigo 6 dos Decretos 156/2022 e 157/2022 como os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea, do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos..

Posteriormente, no artigo 8 dos Decretos enuméranse as competencias clave da etapa. Para os efectos das normas mencionadas, establecéndose as oito seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Atendendo a isto, no propio artigo 8 dos Decretos 156/2022 e 157/2022 establécese que as competencias clave da etapa, así como os descritores operativos do seu grao de adquisición que estea previsto ao finalizar a etapa, interpretaranse de acordo coas definicións contidas no anexo I dos citados Decretos, no que se define o perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico.

Xa que logo, a contribución ás competencias clave concrétese nas respectivas programacións didácticas de cada materia e nivel, se ben mantendo sempre o principio do desenvolvemento integral do conxunto das competencias seguindo os principios pedagóxicos especificados no apartado correspondente.

Por outra banda, malia que as programacións dos módulos do bacharelato e dos ciclos formativos non fan alusión expresa ás competencias clave, podemos considerar que estas impregnan as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil de cada título. Así mesmo, a LOMLOE sinala no seu artigo 40.3 que os ciclos formativos de

grao medio contribuirán a ampliar as competencias do ensino básico adaptándoas a un campo ou sector profesional que permita ao alumnado a aprendizaxe ao longo da vida, a progresar no sistema educativo, e a incorporarse á vida activa con responsabilidade e autonomía.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Os elementos transversais, entendidos como aqueles que se han traballar en todas as materias e módulos sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa ou nalgúns módulos de determinados ciclos formativos, están recollidos no artigo 18 do Decreto 156/2022 e no artigo 19 do Decreto 157/2022, podendo consideralos tamén extensibles á formación profesional. Estes Decretos indican como elementos transversais os seguintes:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade.
2. A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sostibilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
3. A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.
4. Evitaranse comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero. A linguaxe será libre de prexuízos e estereotipos sexistas.
5. A consellería fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de actitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza en un mesmo e o sentido crítico.

Este último punto traballarase dun xeito máis intenso na formación profesional a través do módulo de Empresa e iniciativa emprendedora, así como a través do programa de emprendemento ao que está adscrito o centro.

Atendendo a isto, cada departamento didáctico do IES de Chapela traballará ao longo do curso estes elementos transversais segundo os criterios especificados nas respectivas programacións didácticas das distintas materias, módulos e niveis; pero, ademais, a nivel de centro promoverase, a través de actividades complementarias e sesións de titoría, o coñecemento por parte do alumnado dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible propostos pola Organización das Nacións Unidas na axenda 2030.

Ademais, estes temas transversais tamén se traballarán ao longo de todo o curso a través do desenvolvemento de diferentes e variados proxectos e iniciativas do centro como o equipo de igualdade, distintos contratos programa, plans de formación permanente do profesorado (convivencia, coidado emocional, etc.) nos que participa o centro e que se especifican no apartado correspondente desta concreción.

### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, fai referencia á metodoloxía no seu artigo 17, centrado nos principios pedagóxicos.

Neste apartado, establécese que na educación secundaria obrigatoria os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e poñerese especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións. Ademais, recolle que a intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das materias ou dos ámbitos.

Este mesmo artigo incide en que, co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes

dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Xunto a isto, o mesmo artigo continúa indicando que a lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, polo que entende que é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a práctica docente de todas as materias, de xeito que se garanta nesta a incorporación dun tempo de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular. Ademais, tamén recolle que os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns na aprendizaxe de calquera lingua. E, por último, o mencionado artigo tamén establece que as linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, dándosele prioridade á comprensión, á expresión e á interacción oral no devandito proceso.

Na mesma liña, o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, fai referencia aos principios pedagóxicos no seu artigo 18, que coinciden a grandes trazos cos da educación secundaria obrigatoria pero introducindo lixeiras modificacións adaptadas ás especificidades da etapa. Así, establécese que no bacharelato os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e favorecerán a súa capacidade para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promovelos, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

Xunto a isto, o mesmo artigo recolle que a intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas. Así mesmo, a acción educativa favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das materias.

Ademais, este apartado tamén indica que as tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral. E, por último, no referente á lectura e á impartición de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, afonda nas indicacións xa recollidas nos principios pedagóxicos establecidos para a educación secundaria obrigatoria xa especificados anteriormente.

A continuación, o mencionado artigo tamén establece que a metodoloxía didáctica neste etapa será especialmente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. Así mesmo, indica que se procurará o traballo en equipo do profesorado ao obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo. Tamén establece que no proxecto educativo e nas programacións didácticas se fixarán as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliados previstos en cada materia e, no seu caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.

Por outra banda, estes principios metodolóxicos tamén reparan en que a intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e unha atención personalizada en función das necesidades de cada persoa. Os mecanismos de reforzo, que se deberán poñer en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Do mesmo xeito, o citado artigo estipula que se promoverá a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe. E tamén insiste na necesidade de deseñar actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para iso, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías por proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

No que concirne á formación profesional, o artigo 35 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a

ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, sinala que a metodoloxía na formación profesional tratará de forma globalizada os contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos asociados ás súas ensinanzas, e integrará a teoría e a práctica, de xeito que se promova no alumnado unha visión global e coordinada dos procesos produtivos nos que deberá intervir como profesional. Polo tanto, priorizarase en todo momento a conexión entre as actividades realizadas na aula e a futura realidade laboral do alumnado, fomentando para iso a realización de actividades complementarias que lle permitan ao alumnado achegarse a contextos produtivos reais mediante a visita a distintas empresas e entidades do contorno, así como mediante a participación de profesionais destas empresas e entidades nas dinámicas de centro para impartir charlas e/ou obradoiros.

O devandito artigo do Decreto 114/2010 tamén especifica que as ensinanzas de formación profesional para as persoas adultas se organizarán cunha metodoloxía flexible e aberta, baseada na autoaprendizaxe, e adaptada ás súas condicións, capacidades, necesidades, e aos seus intereses persoais, que lles permita a conciliación da aprendizaxe con outras actividades e responsabilidades. Ademais, o artigo 15 da Orde do 5 de novembro de 2010 pola que se establece, con carácter experimental, a ordenación da formación profesional inicial polo réxime para as persoas adultas nas modalidades a distancia e semipresencial, determina que nestas modalidades de ensino a formación, ademais de organizarse cunha metodoloxía flexible e aberta, se baseará no emprego das tecnoloxías da información e da comunicación, nomeadamente de Internet, e incluírá actividades de autoaprendizaxe para o alumnado empregando a plataforma de teleaprendizaxe da Consellería de Educación e co apoio de materiais didácticos específicos e de actividades presenciais eminentemente prácticas de formación no centro docente. De acordo con estas disposicións, nos ciclos que se ofertan polo réxime de persoas adultas no IES de Chapela procurarase a flexibilidade metodolóxica e a aprendizaxe autónoma por parte do alumnado na medida do posible, empregando as novas tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta fundamental de aprendizaxe nos ciclos que se imparten na modalidade a distancia e semipresencial.

Atendendo a todo o anterior, desde o IES de Chapela promoverase que a metodoloxía sexa activa e participativa, entendendo a aprendizaxe como un proceso individual e de interacción social que o alumnado constrúe en función das relacións comunicativas que se establecen no contexto do centro e da aula. Neste contexto fomentárase a creación dun clima que permita relacións formativas que xeren, en definitiva, un marco estimulante cara á aprendizaxe, integrando o alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. En consecuencia, favorecerase a participación do alumnado na dinámica xeral da clase, procurando a implantación de actividades que fomenten o traballo en equipo e propicien o deseño e desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. Para isto, ademais, enténdese que cada profesor/a deberá adaptar a programación ás características do grupo adoptando o papel de guía do proceso de ensino-aprendizaxe.

Baseándonos nisto, en función do contexto concreto, utilizaranse distintos tipos de aprendizaxe: por facilitación (consistente en proporcionar dun xeito ordenado os contidos relevantes), por descubrimento (dispoñendo as condicións e os materiais máis idóneos para que o alumnado, asumindo unha actitude máis autónoma, adquire o seu propio coñecemento), traballo en equipo, etc. Dentro destes tipos de aprendizaxe, promoveranse distintos tipos de actividades, como as de introdución-motivación (coa finalidade de introducir o alumnado nun obxecto de estudo determinado), de coñecementos previos (orientadas a coñecer as ideas, opinións e intereses do alumnado sobre os contidos que se van desenvolver), de desenvolvemento (que permitirán a aprendizaxe de conceptos, procedementos e actitudes e a comunicación aos demais da tarefa realizada), de consolidación (que serven para contrastar as novas ideas coas ideas previas do alumnado), de recuperación (orientadas a atender a aquel alumnado que non conseguiu as aprendizaxes previstas) e de ampliación (que permiten construír novos coñecementos ao alumnado que realizou de forma satisfactoria as actividades establecidas).

## **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

O IES de Chapela ten implantado o programa EDIXGAL en toda a etapa de Educación Secundaria Obrigatoria. Este programa implica o uso de aulas dixitalizadas cos seguintes recursos: ordenador de aula coa maqueta Abalar 8 instalada e todo o software educativo que se precisa para desenvolver as materias, proxector de ultracurta distancia, encerado dixital e conexión a internet mediante a wifi abalar. Por outra banda, os alumnos e alumnas dispoñen dun ordenador portátil asignado, a modo de cesión, que empregan para traballar na aula e tamén levan para a casa.

En cada un dos cursos hai un certo número de materias que están incluídas no programa e que empregan como materiais de referencia contidos dixiais publicados no contorno virtual de aprendizaxe EVA:

1º ESO: Lingua Galega e Literatura, Xeografía e Historia, Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía, Francés, Educación Física, Tecnoloxía e Dixitalización, Proxecto Competencial e Relixión.

2º ESO: Lingua Galega e Literatura, Xeografía e Historia, Matemáticas, Francés, Educación Física, Tecnoloxía e dixitalización, Música, Educación Física, Proxecto Competencial e Relixión.

3º ESO: Lingua Galega e Literatura, Xeografía e Historia, Matemáticas, Música, Proxecto Competencial, Relixión,



Educación Física e Educación Dixital.

4º ESO: Lingua Galega e Literatura, Xeografía e Historia, Matemáticas Orientadas ás ensinanzas Académicas e Matemáticas Orientadas ás ensinanzas Aplicadas, Tecnoloxías da Información e da Comunicación, Música, Relixión, Proxecto Competencial e Educación Física.

No EVA cada profesor publicará contidos dixitais educativos das diferentes editoriais incluídas no catálogo (Netex, EDEBÉ, aulaPlaneta e Pearson), contidos de creación propia ou outros publicados nos repositorios de contidos educativos. Ademais propondrá actividades que, empregando as TIC, teñan en conta as características do grupo e fomenten o traballo en equipo. O EVA tamén se empregará como vía de comunicación co alumnado, mediante a creación de foros, o emprego do servizo de mensaxería, ou uso do calendario para a publicación de datas de exames e entrega de traballos.

No resto das materias, que non pertencen ao programa, pero que empreguen contidos dixitais como recursos na aula, tamén empregarán o mesmo contorno virtual de aprendizaxe EVA, facilitando así o acceso do alumnado aos diferentes cursos.

Na etapa de Bacharelato, o alumnado debe utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación, para tal fin continuaremos cunha metodoloxía na que se empreguen as TIC de xeito transversal en todas as materias. As aulas de bacharelato están totalmente dixitalizadas e dispoñen de ordenador de aula, proxector, encerado dixital e conexión a internet mediante rede cableada ou wifi. O alumnado poderá facer uso da aula de informática cando o profesor da materia así o considere. Nesta aula disporán dun ordenador de uso persoal coa maqueta Abalar libre e todo o software educativo que precisen. Todos os ordenadores da aula teñen conexión a internet mediante rede cableada.

Como plataforma virtual de aprendizaxe empregárase a Aula Virtual do IES de Chapela, creándose cursos para cada unha das materias da etapa e matriculando a todo o alumnado de Bacharelato neles. Cada profesor ou profesora empregará esta plataforma para a publicación de contidos dixitais educativos, actividades e tamén como vía de comunicación co alumnado.

Ademais destes recursos dixitais, e doutros propostos polo profesorado de cada materia, naquelas que non están dentro do programa Edixgal o alumnado contará con libros de texto. A relación de manuais empregados en cada materia e nivel da ESO e Bacharelato pode consultarse na web do centro a través da seguinte ligazón:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ieschapela/node/3427>

Nos ciclos formativos, empregáranse materiais e recursos variados segundo o módulo e o ciclo formativo (apuntamentos, libros de texto, outros recursos bibliográficos, etc., así como os materiais específicos propios da dotación dos distintos obradoiros e laboratorios para as clases prácticas). Así mesmo, estará dispoñible a Aula Virtual para cada módulo. No caso dos ciclos a distancia, empregárase como base a plataforma de teleaprendizaxe da Consellería de Educación, cos recursos colgados nela de ser o caso.

## **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

A oferta educativa, os itinerarios e a optatividade do centro na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato están vencellados directamente ao establecido no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. En todo caso, a oferta educativa tamén está recollida na Resolución do 6 de xuño de 2023, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

No Capítulo I do Título I do mencionado Decreto 156/2022, centrado na organización e o desenvolvemento da educación secundaria obrigatoria, establécense as materias que debe cursar o alumnado destes niveis. Neste apartado recóllese que no primeiro curso as alumnas e os alumnos deben cursar as seguintes materias:

- a) Bioloxía e Xeoloxía.
- b) Educación Física.
- c) Educación Plástica, Visual e Audiovisual.
- d) Lingua Castelá e Literatura.
- e) Lingua Estranxeira.
- f) Lingua Galega e Literatura.
- g) Matemáticas.
- h) Segunda Lingua Estranxeira.

- i) Tecnoloxía e Dixitalización.
- j) Xeografía e Historia.

Ademais, recóllese que no primeiro curso os centros docentes contarán con dúas horas de libre disposición que dedicarán a incrementar a carga lectiva das materias recollidas no punto 1 deste artigo nos termos que establezan na súa concreción curricular, decidíndose na reunión da Claustro do profesorado do 9 de xuño de 2022 outorgar esa hora adicional a Matemáticas e a Lingua Galega e Literatura. O incremento da carga lectiva desas materias realízase a todos os grupos do nivel.

En segundo curso, as alumnas e os alumnos deben cursar as seguintes materias:

- a) Educación Física.
- b) Física e Química.
- c) Lingua Castelá e Literatura.
- d) Lingua Estranxeira.
- e) Lingua Galega e Literatura.
- f) Matemáticas.
- g) Música.
- h) Segunda Lingua Estranxeira.
- i) Tecnoloxía e Dixitalización.
- j) Xeografía e Historia.

As dúas horas de libre disposición neste curso dedicaranse a incrementar a carga lectiva das materias recollidas no punto 1 deste artigo nos termos que establezan na súa concreción curricular, decidíndose na reunión da Claustro do profesorado do 9 de xuño de 2022 outorgar esa hora adicional a Lingua Castelá e Literatura e Inglés. O incremento da carga lectiva desas materias realízase a todos os grupos do nivel.

En terceiro curso, as alumnas e os alumnos deben cursar as seguintes materias:

- a) Bioloxía e Xeoloxía.
- b) Educación en Valores Cívicos e Éticos.
- c) Educación Física.
- d) Educación Plástica, Visual e Audiovisual.
- e) Física e Química.
- f) Lingua Castelá e Literatura.
- g) Lingua Estranxeira.
- h) Lingua Galega e Literatura.
- i) Matemáticas.
- j) Música.
- k) Xeografía e Historia.
- l) Unha materia optativa de entre as seguintes:

- Cultura Clásica.
- Educación Dixital.
- Oratoria.
- Segunda Lingua Estranxeira.

Atendendo a estas esixencias, desde o centro ofreceuse a todo o alumnado a posibilidade de elixir calquera das catro optativas. Sen embargo, o feito de que menos de cinco alumnos/as elixisen Cultura Clásica impediu finalmente a súa implantación, impartíndose neste curso só Educación Dixital, Oratoria e Segunda Lingua Estranxeira (Francés).

En terceiro de educación secundaria obrigatoria, continúa impartíndose neste curso 2023-2024 o programa de diversificación curricular, este curso con seis alumnos/as, seguindo as instrucións do artigo 12 da Resolución do 6 de xuño de 2023 mencionada anteriormente.

No cuarto curso, as alumnas e os alumnos deben cursar as seguintes materias:

- a) Educación Física.
- b) Lingua Castelá e Literatura.
- c) Lingua Estranxeira.
- d) Lingua Galega e Literatura.
- e) Matemáticas A ou Matemáticas B, en función da elección da alumna ou do alumno.
- f) Xeografía e Historia.
- g) Tres materias de opción de entre as seguintes:
  - Bioloxía e Xeoloxía.
  - Dixitalización.
  - Economía e Emprendemento.
  - Expresión Artística.
  - Física e Química.
  - Formación e Orientación Persoal e Profesional.

- Latín.
- Música.
- Segunda Lingua Estranxeira.
- Tecnoloxía.
- h) Unha materia optativa, en función da oferta dos centros docentes, de entre as seguintes:
  - Cultura Clásica, se non foi cursada no terceiro curso.
  - Filosofía.
  - Oratoria, se non foi cursada no terceiro curso.
  - Unha materia de opción non cursada das enumeradas na letra g).

Neste curso 2023-24 non se impartiron as materias de Oratoria nin Cultura Clásica por ter un número de alumnado inferior a 5 na matrícula

Por último, cómpre lembrar que, no bloque de materias de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas deben cursar a materia de Lingua Galega e Literatura, que terá un tratamento no centro docente análogo á de Lingua Castelá e Literatura de xeito que se garanta, en todo caso, o obxectivo de competencia lingüística suficiente en ambas as linguas oficiais segundo o establecido no artigo 7 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.

Neste curso continúa o programa de diversificación curricular que contaba con 7 alumnos e alumnas en terceiro da ESO pasando en cuarto a contar con 8 alumnos e alumnas pola incorporación dunha alumna.

Atendendo ao artigo 14, que apunta que a consellería con competencias en materia de educación e os centros docentes poderán elaborar itinerarios para orientar o alumnado na elección de materias troncais de opción, e que só se poderá limitar a elección de materias de opción cando haxa un número insuficiente de alumnos e alumnas segundo os criterios que determine a consellería con competencias en materia de educación, o documento de matrícula elaborado polo centro oferta todas as materias indicadas anteriormente. De todos modos, para facilitar a elección das materias específicas, estableceuse a obriga de elixir catro delas por orde de preferencia, das cales se cursarán dúas. Finalmente, de toda esa oferta, so se deixou de impartir unha materia optativa: Cultura Clásica, debido a que o número de alumnos e alumnas que as elixiu foi inferior ao requirido.

No caso do bacharelato, as materias que debe cursar o alumnado no primeiro curso de bacharelato están especificadas no artigo 10 do Decreto 157/2022 polo que se desenvolve a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia. Neste artigo establécese que o alumnado admitido nun centro docente para cursar as ensinanzas de bacharelato matricularase nunha das modalidades ou vías ofertadas, que poderán ser:

- a) Artes, na vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño.
- b) Artes, na vía de Música e Artes Escénicas.
- c) Ciencias e Tecnoloxía.
- d) Humanidades e Ciencias Sociais.
- e) Xeral.

No caso do IES de Chapela, as dúas únicas modalidades ofertadas son a c) e a d), cumprindo coas instrucións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. En todo caso, todo o alumnado de primeiro curso de bacharelato terá que cursar materias comúns, materias específicas da modalidade elixida, obrigatorias e de opción, e unha materia optativa.

As materias comúns que debe cursar todo o alumnado son:

- a) Educación Física.
- b) Filosofía.
- c) Lingua Castelá e Literatura I.
- d) Lingua Estranxeira I.
- e) Lingua Galega e Literatura I.

Ademais destas, o alumnado da modalidade de Ciencias e Tecnoloxía debe cursar as seguintes materias de modalidade:

- a) Matemáticas I.
- b) Dúas materias de opción que se elixirán entre as seguintes:
  - Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais.
  - Debuxo Técnico I.
  - Física e Química.
  - Tecnoloxía e Enxeñaría I.

Pola súa banda, o alumnado da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais debe cursar as seguintes materias de modalidade:

- a) Latín I ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I.
- b) Dúas materias de opción que se elixirán entre as seguintes:
  - Economía.

- Grego I.
- Historia do Mundo Contemporáneo.
- Latín I.
- Literatura Universal.
- Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I.

Ademais das anteriores, sexa cal for a modalidade elixida, todo o alumnado debe cursar unha materia optativa, en función da oferta dos centros docentes, de entre as seguintes:

- Anatomía Aplicada.
- Antropoloxía.
- Cultura Científica.
- Segunda Lingua Estranxeira I.
- Literatura Galega do Século XX e da Actualidade.
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación I.
- As materias de modalidade de primeiro curso das enumeradas nos puntos 4, 5, 6, 7 e 8 deste artigo.

No caso concreto do IES de Chapela, e cumprindo coas indicacións especificadas no artigo 23, dedicado á organización da oferta nos centros docentes, durante o período de matrícula ofertáronse a totalidade das materias específicas das modalidades dispoñibles no noso centro. Finalmente, o número de solicitudes impediu a impartición de Literatura Universal, materia de opción dentro da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, así como das optativas seguintes: Antropoloxía, Cultura Científica, Literatura Galega do Século XX e da Actualidade, Linguaxe e Práctica Musical e TIC. Deste xeito, as materias optativas que se imparten neste curso son: Anatomía Aplicada, Debuxo técnico e Francés. Cómpre destacar que si se imparte a modalidade de Humanidades, facendo efectiva a excepción recollida na norma que establece que poderá impartirse cun número menor de alumnas ou alumnos, este curso con dúas alumnas, para o que se solicitou a correspondente autorización ao Servizo Territorial de Inspección Educativa.

Como materias alternativas á relixión ofértanse Cine en Valores ou Xadrez.

Por último, as materias que debe cursar o alumnado no segundo curso de bacharelato, nas vías que se imparten no IES de Chapela, son as que figuran no artigo 11 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Todo o alumnado debe cursar as seguintes materias comúns:

- a) Lingua Castelá e Literatura II.
- b) Lingua Estranxeira II.
- c) Lingua Galega e Literatura II.
- d) Historia de España.
- e) Historia da Filosofía.

O alumnado da modalidade de Ciencias e Tecnoloxía debe cursar as seguintes materias de modalidade:

- a) Matemáticas II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.
- b) Dúas materias de opción da modalidade que se elixirán entre as seguintes:
  - Bioloxía.
  - Debuxo Técnico II.
  - Física.
  - Xeoloxía e Ciencias Ambientais.
  - Química.
  - Tecnoloxía e Enxeñaría II.

O alumnado da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais debe cursar as seguintes materias de modalidade:

- a) Latín II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.
- b) Dúas materias de opción da modalidade que se elixirán entre as seguintes:
  - Empresa e Deseño de Modelos de Negocio.
  - Xeografía.
  - Grego II.
  - Historia da Arte.
  - Latín II.
  - Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.

Todo o alumnado debe cursar unha materia optativa, en función da oferta dos centros docentes, de entre as seguintes:

- Métodos Estatísticos e Numéricos.
- Psicoloxía.
- Segunda Lingua Estranxeira II.
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación II.

- Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia.

- As materias de modalidade de segundo curso dos puntos anteriores.

Así mesmo, o citado Decreto 157/2022 tamén establece que, no bloque de materias de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas deben cursar a materia de Lingua Galega e Literatura, que terá un tratamento no centro docente análogo á de Lingua Castelá e Literatura.

Ademais do anterior, o noso centro ofertou, ao igual que nos anos anteriores, dúas materias de libre disposición do centro (Introdución ao Comentario de Texto Histórico e Actividade Física e Saúde), ambas as dúas cunha carga lectiva dunha sesión semanal como de libre configuración alternativa á relixión.

Baseándose nesta oferta, as materias que finalmente se imparten no noso centro en segundo de bacharelato, previa solicitude de autorización nos casos correspondentes, son:

- Todas as materias de opción de modalidade na modalidade de Ciencias.

- Todas as materias de opción de modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, excepto Historia da Arte.

- As materias de Psicoloxía, Tecnoloxías da Información e da Comunicación II e Relixión, dentro do bloque de materias específicas. Non se imparten este curso Métodos Estatísticos e Numéricos, Segunda Lingua estranxeira, e Xeografía, Historia da Arte e Patrimonio de Galicia.

- Introdución ao Comentario de Texto Histórico e Actividade Física e Saúde, como materias de libre configuración do centro.

Este curso unha alumna cambiou de modalidade de Ciencias e Tecnoloxía á modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.

Este curso varios alumnos e alumnas escolleron materias de segundo de bacharelato sen cursalas en primeiro, polo que, ao ser de continuidade, tiveron que acreditar os coñecementos ou cursar a materia pendente durante este curso. Estas materias foron: Debuxo Técnico I, Tecnoloxía I, TIC I, Grego I e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I.

En canto aos ciclos formativos, a oferta do IES de Chapela no curso 2023/24 comprende:

- Réxime ordinario: Ciclo Medio de Farmacia e Parafarmacia, Ciclo Superior de Dietética e Ciclo Superior de Documentación e Administración Sanitarias, na familia de Sanidade, e Ciclo Medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia e Ciclo Superior de Educación Infantil, na familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade.

- Réxime de persoas adultas na modalidade presencial: Ciclo Medio de Farmacia e Parafarmacia, na familia de Sanidade, e Ciclo Medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia, na familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade.

- Réxime de persoas adultas na modalidade a distancia e semipresencial: Ciclo Superior de Dietética, na familia de Sanidade, e Ciclo Superior de Educación Infantil e Ciclo Superior de Integración Social, na familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade.

## **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Dende o IES de Chapela consideramos as actividades complementarias como un instrumento fundamental que favorece a adquisición de coñecementos propios establecidos no currículo así como dos transversais, complementando a formación que se recibe nas aulas.

Para o deseño das actividades complementarias, o profesorado entregará á persoa que exerce a vicedirección do centro o Anexo 5 das NOF cubrindo todos os apartados de mesmo. No caso de que se precise servizo de autobús, cómpre que esa comunicación se produza con 20 días de antelación. No caso de non necesitarse transporte, a comunicación poderá facerse con 5 días de antelación. É preciso que todo o alumnado menor de idade presente as autorizacións para a actividade no caso de que implique unha saída do recinto.

Levaranse a cabo diversas actividades complementarias de forma global para todo o alumnado do centro coincidindo con celebracións como o Magosto, Entroido, Maratón das Letras Galegas, Xornada de Xogos Populares cos CEIP adscritos..., nas cales se fomentarán valores de convivencia e inclusión, así como o coñecemento das tradicións populares.

A vicedirección do centro informará ao profesorado e a inspección educativa de todas as actividades que se programen ao longo do curso escolar.

Cada departamento deberá facer unha proposta de actividades complementarias e extraescolares e incluíla na programación das materias e módulos. Ao longo do curso iranse programando as actividades que se leven á práctica, consultando as datas e a posibilidade de realización en vicedirección. Das actividades que se realicen avisarase ao profesorado afectado e organizaranse de tal modo que non sexan moitas actividades de forma moi continua ou para os mesmos cursos.

No caso dos ciclos formativos, programaranse actividades complementarias que permitan ao alumnado familiarizarse

cos contextos produtivos onde vai desenvolver a FCT e a súa futura actividade profesional.

Se os departamentos didácticos o propoñen, organizarase viaxe de fin de curso para o alumnado de 4º de ESO coa posibilidade de participación do alumnado de 1º de Bacharelato.

Os departamentos de EF e francés foron os que propuxeron estas actividades nos últimos anos, coa viaxe á neve para aprender a esquiar e a viaxe a París.

A ANPA do IES colabora na organización e no custo destas actividades.

## **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

O alumnado que promocióne con materias pendentes de cursos anteriores seguirá un plan específico personalizado elaborado pola Xefatura do departamento da materia correspondente, que poderá delegar esta tarefa no profesor ou profesora que imparta a materia ao alumno ou alumna no presente curso.

Este plan concretará o grao mínimo de adquisición dos contidos e competencias clave da materia pendente que debe demostrar o alumno ou alumna, así como as actividades e probas previstas para a súa avaliación. En todo caso, o plan deberá contar coa aprobación da Xefatura do departamento correspondente e especificarse na programación didáctica da materia.

O devandito plan coas súas datas de avaliación e/ou presentación serán informados polo profesor ou profesora ao alumnado e as súas familias.

En ciclos formativos, o alumnado de primeiro curso do réxime ordinario que promocióne a segundo curso con módulos pendentes (por non superar estes as 300 horas) contará cun informe de avaliación individualizado que conterá a información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non superados. Este alumnado deberá ser informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario. Nestes módulos pendentes de primeiro curso non será de aplicación a perda do dereito á avaliación continua.

Pola súa banda, no réxime de persoas adultas, ao tratarse dunha oferta modular, non se aplican os conceptos de promoción nin de módulos pendentes, debendo volver a cursar os módulos que non se superen no caso de desexar optar a obter a titulación.

## **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

O alumnado que non promocióne de curso seguirá un plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Cada profesor/a establecerá os reforzos necesarios para o alumnado que o necesite e deixará constancia na memoria final do departamento, utilizando para o deseño deste plan as indicacións establecidas polo centro e especificadas a continuación sinalando aqueles aspectos que se consideren de aplicación en cada caso concreto:

1. IDENTIFICACIÓN DA ALUMNA OU DO ALUMNO (nome e apelidos, curso e grupo).

2. NECESIDADES EDUCATIVAS QUE MOTIVARON A REPETICIÓN DO CURSO.

- Presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), especificando cales.
- Ten dificultades xeneralizadas de aprendizaxe.
- Presenta desfase curricular.
- Falta de traballo diario.
- Faltas de asistencia reiteradas.
- Non entrega tarefas, traballos, etc.
- Non ten interese por aprender e/ou falta de motivación polos estudos.
- Outros motivos (especificando cales).

3. MEDIDAS ORDINARIAS APLICADAS NO CURSO ANTERIOR.

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar.
- Aplicación das pautas educativas recollidas nos protocolos de intervención da Xunta de Galicia (especificando cales).

#### 4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS QUE SE UTILIZARÁN.

- Uso de metodoloxías motivadoras, contextualizadas, participativas, prácticas e que conecten cos intereses do/a alumno/a.
- Uso das TIC para asegurar a motivación e o acceso ao currículo do/a alumno/a.
- Ofrecer ao/á alumno/as responsabilidades "especiais" na aula que reforcen a súa autoestima.
- Situar o/a alumno/a preto do profesorado evitando distraccións.
- Seguimento e apoio durante a realización das tarefas na aula.
- Uso de estratexias de modificación de conduta para evitar os comportamentos inadecuados no/a alumno/a.
- Reunións periódicas de seguimento do/a titor/a co/coa alumno/a.
- Asegurar o uso da axenda para rexistrar a información necesaria para o estudo.

#### 5. RECURSOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN.

- Libro de texto.
- Edixgal.
- Boletín de exercicios.
- Outros (especificando cales).

#### 6. APLICACIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS, DE SER O CASO.

- Adaptacións curriculares (especificando as materias).
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica (PT).
- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente (atención educativa domiciliaria, atención educativa hospitalaria, etc.).
- Outras (especificando cales).

En ciclos formativos, o alumnado de primeiro curso do réxime ordinario que non alcance a promoción a segundo por ter módulos suspensos que superan as 300 horas e o alumnado de segundo que non supere todos os módulos na avaliación final deberán volver a cursar os módulos non superados.

Pola súa banda, no réxime de persoas adultas, ao tratarse dunha oferta modular, non se aplica o concepto de promoción, debendo volver a cursar os módulos que non se superen no caso de desexar optar a obter a titulación.

### **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

Os criterios xerais para a avaliación, a promoción e a titulación na educación secundaria obrigatoria e o bacharelato foron aprobados no claustro extraordinario do 9 de xuño de 2022 seguindo a Orde do 26 de maio de 2023 que desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia obrigatoria e se regula a avaliación nesa etapa educativa e a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Segundo as indicacións do artigo 28 da primeira destas Ordes, os criterios de PROMOCIÓN na ESO son os seguintes:

- Alumnado que supera todas as materias.
- Alumnado con avaliación negativa nunha ou dúas materias ou ámbitos, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.
- Alumnado con avaliación negativa en máis de dúas materias e cumpre todas as seguintes condicións:
  - a) Que a media aritmética das cualificacións de todas as materias e ámbitos nas que se matriculase nese curso sexa igual ou superior a cinco.
  - b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
  - c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte, baseándose nalgún dos tres seguintes supostos:
    - Dentro das materias non superadas non hai máis de dúas que se consideren procedimentais. (LG, LC, Mate.)

- Existe a posibilidade de non volver a cursar algunha das materias non superadas nos cursos seguintes.
  - Algunha das materias non superadas non é chave doutra que vaia cursar nos cursos seguintes.
  - d) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación, baseándose nalgún dos tres seguintes supostos:
    - Alumnado afectado por razóns médicas que lle impediron un normal desenvolvemento do curso.
    - Alumnado afectado por razóns familiares e persoais que lle impediron un normal desenvolvemento do curso.
    - Alumnado que responde, ou pode responder ben a medidas de reforzo e apoio.
  - d) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica, baseándose nalgún dos tres seguintes supostos:
    - Alumnado do que se considera interesante que manteña o grupo de iguais.
    - Alumnado do que se estima que animicamente non beneficiaría unha repetición.
    - Alumnado que xa repetiu algún curso.
- Pola súa banda, os criterios de TITULACIÓN na ESO son os seguintes:
- Alumnado que supera todas as materias.
  - Alumnado que non superando todas as materias, cumpre todas as seguintes condicións:
    - a) Que a media aritmética das cualificacións de todas as materias nas que se matriculase nese curso sexa igual ou superior a cinco.
    - b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou alumno adquirise as competencias establecidas.
    - c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise os obxectivos de etapa.

Os criterios de PROMOCIÓN no Bacharelato son os seguintes:

- En primeiro curso: Alumnado que supera todas as materias ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. (Este alumnado deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.)

No caso de non cumprir coas condicións de promoción establecidas, deberán matricularse de todas as materias e repetir curso na súa totalidade. Neste caso, non se manterán as cualificacións das materias do devanto curso que a alumna ou alumno superase previamente.

O alumnado que ao termo do segundo curso tivese avaliación negativa nunha ou máis materias poderá:

- a) Matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas. Neste caso poderá solicitarlle á dirección do centro educativo a asistencia ás clases das materias xa superadas de segundo curso, quedando unicamente exento da súa avaliación e debendo cumprir coas mesmas obrigas que o resto do alumnado do grupo.
- b) Repetir o curso completo. Neste caso non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno superase previamente.

Por último, os criterios de TITULACIÓN no Bacharelato son os seguintes:

- Alumnado que supera todas as materias.
- Alumnado que supera todas as materias agás unha e cumpre todas as seguintes condicións:
  - a) Que o equipo docente considere que a alumna ou alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
  - b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. (Enténdese inasistencia continuada cando o número de faltas non xustificadas, da materia, supera o 10%. Aplicaranse os criterios de xustificación de faltas de asistencia sinalados nas Instrucións do 31 de xaneiro de 2014 da Dirección Xeral de Educación para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia).
  - c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
  - d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

En ciclos formativos, o equipo docente tomará as decisións que afecten ao proceso de avaliación e promoción do alumnado nas sesións de avaliación, tomando como referencia os resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación establecidos nos currículos correspondentes e concretados na programación de cada módulo. Tal e como se establece no artigo 4.2 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, os criterios para a promoción do alumnado de primeiro a segundo curso do réxime ordinario son ter superados todos os módulos de primeiro curso ou que a suma da duración dos módulos pendentes non supere as 300 horas.

Así mesmo, consonte o establecido no artigo 43.1 da devadita Orde, para a obtención do título de Técnico/a ou de Técnico/a Superior, cumprirá acreditar a superación de todos os módulos profesionais de que conste o correspondente ciclo formativo, así como cumprir os requisitos de acceso a el. Isto supón ter superados todos os módulos formativos que se cursan no centro educativo, así como obter unha cualificación de Apta/o no módulo de FCT e, no caso dos ciclos LOE de grao superior, tamén acadar unha cualificación positiva no módulo de Proxecto.



## **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Os criterios xerais de outorgamento de matrículas de honra en 4º da ESO e 2º de Bacharelato no IES de Chapela foron aprobados en Comisión de Coordinación Pedagóxica o 14 de decembro de 2023 según a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. E a orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Nesta resolución establécese, no seu artigo 31, que "o alumnado que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivese unha nota media de cuarto curso igual ou superior a 9 puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra (MH). A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso". Nese mesmo apartado, indícase que "cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra", e complétanse estas instrucións explicitando que en todo caso, esta distinción adoptárase conforme os criterios xerais de outorgamento de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

Esta mención consignarase nos documentos de oficiais de avaliación do alumna ou do alumno.

Tendo en conta este marco normativo, o acordo ao que chegou a Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro foi establecer que, se realizada a avaliación ordinaria o número de persoas candidatas a MH fose superior ao número de matrículas que o centro pode conceder, o IES de Chapela concederá a matrícula de honra segundo os seguintes criterios e na orde que se establece a continuación:

- Maior nota media na ESO, considerando ata a centésima
- Maior nota media en 4º ESO, considerando ata a centésima
- Maior número de 10 en 4º ESO
- Menor número de cualificacións inferiores a 9 en 4º ESO

- Decisión das persoas titoras de 4º ESO e xefatura de estudos atendendo ao rendemento académico e competencial.

Do mesmo modo, no referente a 2º de Bacharelato, segundo a orde do 26 de maio de 2023, citada ao inicio, que regula a avaliación no bacharelato, no artigo 34 dedicado á Matrícula de honra, explicita as seguintes indicacións:

1.. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

Para este cálculo contarase cada réxime que se oferte no centro de xeito independente.

Se o alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato é inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. Os criterios xerais de outorgamento de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

3." A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación da alumna ou do alumno."

Baseándose nestas indicacións, tamén na Comisión de Coordinación Pedagóxica do 14 de decembro de 2023 acordouse que, se realizada a avaliación ordinaria o número de persoas candidatas a MH fose superior ao número de matrículas que o centro pode conceder, o IES de Chapela concederá a matrícula de honra segundo os seguintes criterios e na orde que se establece a continuación:

- Maior nota media en 2º Bacharelato, considerando ata a centésima
- Maior nota media en Bacharelato, considerando ata a centésima
- Maior número de 10 en 2º Bacharelato
- Menor número de cualificacións inferiores a 9 en 2º Bacharelato
- Maior número de 10 en 1º Bacharelato
- Menor número de cualificacións inferiores a 9 en 1º Bacharelato
- Decisión das persoas titoras de 2º Bacharelato e xefatura de estudos atendendo ao rendemento académico e competencial.

Do mesmo modo, na Comisión de Coordinación Pedagóxica o 14 de decembro de 2020 tamén se aprobaron os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra nos ciclos formativos de Formación Profesional seguindo as indicacións da Resolución do 26 de xullo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e

Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2019/20. Nesta resolución establécese que, consonte o establecido no artigo 26.4 da Orde do 12 de xullo de 2011, os alumnos e as alumnas que obteñan unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.

O número de matrículas de honra que se poderán conceder en cada centro por cada grupo de alumnos/as matriculados/as con opción a titular nun determinado ciclo formativo no curso académico será como máximo de dúas. Non obstante, no caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados/as con opción a titular no ciclo formativo no curso académico sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra.

Para estes efectos, e dado que o alumnado pode titularse en diferentes períodos do curso académico, a mención de matrícula de honra só poderá realizarse no mes de xuño logo de realizada a avaliación final de módulos correspondente. No caso de que o alumnado beneficiario rematase o ciclo formativo noutro mes do curso, a mención de matrícula de honra será consignada cunha dilixencia nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.

Atendendo a estas indicacións, o IES de Chapela concederá a matrícula de honra segundo os seguintes criterios e na orde que se establece a continuación:

- Maior nota media no Ciclo, considerando ata a centésima.
- Maior número de 10 no Ciclo.
- Menor número de cualificacións inferiores a 9 no Ciclo.
- Decisión das persoas titoras do Ciclo e xefatura de estudos atendendo ao rendemento académico e competencial.

En ciclos formativos, de acordo co establecido no artigo 26.4 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, poderá recibir a mención de matrícula de honra o alumnado que obteña unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou a alumna.

O número de matrículas de honra que se poderán conceder nun ciclo formativo nun curso académico será como máximo de dúas. No caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados con opción a titular nun curso académico sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra. Concretamente, tendo en conta o recollido no artigo 20 da Resolución do 6 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2023/24, no caso de que o número de alumnos/as que cumpran o requisito para acceder á matrícula de honra nun título profesional sexa superior ao número máximo de matrículas de honra que se pode conceder, a concesión realizarase coa nota media do título, ordenando de maior a menor nota.

Así mesmo, dado que o alumnado de formación profesional pode titular en diferentes períodos do curso académico, a mención de matrícula de honra só se poderá realizar no mes de xuño, logo de realizada a avaliación final de módulos correspondente. No caso de que o alumnado beneficiario rematase o ciclo formativo noutro mes do curso, a mención de matrícula de honra será consignada cunha dilixencia nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.

## **I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

Os criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas están establecidos en base ao recollido no artigo 13 da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, así como no artigo 16 da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

O profesorado dos centros docentes, baixo a coordinación das xefaturas dos departamentos didácticos ou, de ser o caso, do profesorado titor ou coordinador de ciclo, desenvolverá o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada área, materia ou ámbito de cada curso de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato que teña encomendada na organización docente do centro. Esta programación didáctica, que será única para o mesmo nivel, deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente.

Na LOMLOE establécese que as programacións didácticas das áreas, materias ou ámbitos dos cursos da educación secundaria obrigatoria, e do bacharelato, incluírán en cada área, materia ou ámbito, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

- c) Relación de unidades didácticas entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará coa súa secuencia e temporalización.
- d) Metodoloxía.
  - Concrecións metodolóxicas.
  - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
  - Procedemento para a avaliación inicial.
  - Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito e criterios de recuperación.
  - Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, no caso da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
  - Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias en bacharelato.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Transversal.
  - Concreción dos elementos transversais.
  - Actividades complementarias.
- h) Práctica docente.
  - Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
  - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

En ciclos formativos, as programacións dos módulos profesionais axustaranse ao establecido no artigo 23 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

A programación de cada módulo, agás a do módulo de FCT e a do módulo de Proxecto dos ciclos formativos de grao superior, organizarase en unidades didácticas e deberá concretar os seguintes aspectos:

- Identificación da programación.
- Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.
- Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.
- Por cada unidade didáctica:
  - a) Identificación da unidade didáctica.
  - b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se trata.
  - c) Obxectivos específicos da unidade didáctica, en relación coas actividades de ensino e aprendizaxe.
  - d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado, en relación cos instrumentos de avaliación, os mínimos exixibles e o peso da cualificación.
  - e) Contidos.
  - f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación.
    - Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.
    - Procedemento para a recuperación das partes non superadas.
      - a) Procedemento para definir as actividades de recuperación.
      - b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua.
        - Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.
        - Medidas de atención á diversidade.
          - a) Procedemento para a realización da avaliación inicial.
          - b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.
            - Aspectos transversais.
              - a) Programación da educación en valores.
              - b) Actividades complementarias e extraescolares.

As programacións dos módulos serán elaboradas polo profesorado que se vaia encargar de impartilos e serán supervisadas polas xefaturas de departamento, xefatura de estudos e inspección educativa. Cada departamento de familia profesional realizará o seguimento das programacións de cada módulo cunha frecuencia mínima mensual.

Unha vez elaboradas, o profesorado informará o alumnado das programacións docentes da súa materia, ámbito ou módulo. Esta información básica, a modo de resumo para o alumnado e as familias, incluírá a relación de unidades didácticas, a temporalización, os criterios de avaliación, así como os procedementos e instrumentos de avaliación e cualificación. Ademais, daranse a coñecer as programacións didácticas publicándoas na web oficial do centro.

## **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

### **CONTRATOS PROGRAMA**

Durante o presente curso académico levaranse a cabo dous contratos programa dentro da modalidade CPIInclúe: IGUALA-T e CONVIVE-T

No tocante ao contrato-programa IGUALA-T, as accións propostas desenvolveranse en 3 niveis de intervención (centro, aula e a nivel máis individual) e xirarán en torno a tres eixes de actuación:

1. Dotación de recursos e elaboración de materiais didácticos que se traballaran ao longo do curso nas horas de titoría presencial da ESO e que se difundirán entre a comunidade educativa así como cos centros adscritos que se centre nos contidos de igualdade e respecto pola diversidade. A idea é traballar os contidos de maneira transversal ao longo dos diversos cursos para avanzar de maneira progresiva nos contidos.

2. Actuacións diversas para a sensibilización e promoción da igualdade e da diversidade entre a comunidade educativa, en colaboración coa Biblioteca do centro, destacando a conmemoración de efemérides, nas que destacamos:

- 25 de Novembro: Día contra a violencia de Xénero, na que realizaremos diversos actos de rexeitamento e tolerancia cero a calquera tipo de violencias machistas.

- 11 de outubro: día internacional da saída do armario

- 10 de decembro: Día da declaración Universal dos Dereitos Humanos, poñendo en valor os dereitos sociais e políticos conquistados polas mulleres e analizando a situacións noutros países, destacando os movementos feministas nesa loita.

- Coincidindo co día 8 Marzo, día Internacional da Muller, celebraremos a SEMANA ¿SEMENTANDO IGUALDADE¿ destacando unha campaña de visibilización das mulleres no eido do mar.

- 17 de maio día internacional contra a homofobia, a transfobia e bifobia organizaremos a SEMANA ¿O SENTIR DA DIVERSIDADE¿ con diferentes actividades nas que se traballe a prol do respecto pola diversidade e o rexeitamento a discursos de odio.

3. Fortalecemento do Equipo de igualdade e diversidade do centro, "Brigada Violeta", tal como se deriva do Plan de igualdade do centro creado no curso 2020/21. Este ano co obxectivo de ampliar a nosa rede de acción en colaboración con outros centros da contorna.

4. Dinamización da xunta de codelegadas e codelegados, figura que se implementou por primeira vez o curso 2020/21.

5. Posta en acción do Plan de igualdade, neste caso coa integración da coeducación nas programacións didácticas e obradoiros afectivo-sexuais para o alumnado e familias co fin de promover relacións saudables vs tóxicas.

Para dar visibilidade ao programa e co fin de chegar a toda a comunidade educativa, as actuacións que se deriven do mesmo serán difundidas á comunidade tanto na páxina web do centro e coma na conta de Instagram do centro, atendendo sempre ao Protocolo de protección de datos publicado pola Consellería de Educación.

Dentro do contrato programa CONVIVE-T, as accións propostas desenvolveranse en 3 niveis de intervención (centro, aula e a nivel máis individual) e xirarán en torno a cinco eixos de actuación:

1. Desenvolvemento dunha nova formación para o alumnado en relación cos valores e o coidado para asentar as bases á hora de implementar un programa interno de titorización entre iguais (1º e 3º ESO) así como obradoiros para alumnado de 2º e 4º ESO relacionado coa xestión ante os discursos do odio tan cotiás nas redes sociais, espazo onde o noso alumnado socializa e participa.

2. Realización de obradoiros relacionados coa competencia socioemocional para o alumnado da ESO.

3. Implicarnos na rede de centros participando no encontro anual de centros para unha convivencia positiva dirixido a alumnado, profesorado e familias.

4. Realización de diversos obradoiros para o alumnado de BAC e FP onde se aborden co alumnado os contidos que se desprenden dos obxectivos do programa (resolución de conflitos, educación emocional - identificación, xestión e regulación das emocións propias e alleas- habilidades prosociais, prácticas igualitarias, abordaxe da diversidade afectivo-sexual, etc.-) ndende a perspectiva da CONVIVENCIA RESTAURATIVA.

5. Promover un plan permanente do profesorado en materia de convivencia restaurativa.

Para dar visibilidade ao programa e co fin de chegar a toda a comunidade educativa, as actuacións que se deriven do mesmo serán publicadas na páxina web do centro, así como se lle dará visibilidade nos distintos espazos e tempos do propio centro educativo atendendo sempre ao protocolo de protección de datos publicado pola Consellería de Educación.

### **PLANS PROXECTA**

Durante o presente curso académico levarase a cabo o Plan Proxecta MeteoEscolas. Este curso non se desenvolverá o Plan Proxecta PVAD que se desenvolveu nos dous cursos anteriores.

En canto ao Plan Proxecta MeteoEscolas, no seu terceiro curso de andadura e con mencións de honra obtidas pola calidade do plan, preséntase un plan de traballo seguindo unha metodoloxía no marco da educación en proxectos que implica a 13 departamentos didácticos e a todo o alumnado da ESO, 1º de Bacharelato e FP do IES de Chapela. Contase coa colaboración do Equipo de Biblioteca e de Vicedirección para as actividades dirixidas a toda a comunidade educativa. Neste sentido, desenvolveranse diversos proxectos interdisciplinares nos que participarán de forma integrada diferentes áreas de coñecemento, niveis e etapas educativas.

#### ERASMUS+

Durante este curso escolar confórmanse as Comisións do Erasmus+ e faranse todos os trámites necesarios para que en setembro do 2024 viaxe o noso alumnado dentro do programa da Deputación de Pontevedra.

#### BIBLIOTECAS

Por outra banda, o noso centro participa tamén neste curso no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE). A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), no seu artigo 113 fai unha mención específica ás bibliotecas escolares e sinala que os centros de ensino dispoñerán dunha biblioteca escolar, que estes instrumentos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico dos mesmos, e estas bibliotecas escolares deberán contribuír a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura. Así mesmo, dispón que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros, así como que a súa dotación farase de forma progresiva.

Así mesmo, os Decretos curriculares da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia contemplan a obrigatoriedade de que todos os centros de ensino non universitario elaboren os seus proxectos lectores de centro, co fin de articular as actuacións de todo o profesorado destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. Entre os requisitos destes proxectos lectores contemplan a existencia dunha biblioteca escolar convenientemente atendida.

De acordo co anterior, a participación do centro no Plan de biblioteca basearase nos seguintes obxectivos e criterios:

- Converter a biblioteca nunha canle das actividades pedagóxicas e culturais da comunidade escolar aberta á comunidade de Chapela, que empregue a lectura como una ferramenta útil para a aprendizaxe, a comprensión crítica do mundo e a expresión oral e escrita.

Criterios:

- Coordinación coas bibliotecas de Redondela.
- Presenza e participación nas diversas actividades de centro como Magosto, Nadal, Entroido, 25-N, 8-M, entre outras.
- Presenza e participación nos proxectos de centro.
- Organización de actividades con carácter interdisciplinar: concursos literarios, exposicións, club de lectura, contacontos...
- Educación na busca de información, integrando todos os recursos da biblioteca no tratamento do currículo e nas actividades de aprendizaxe; consolidando así o hábito lector.
- Formación de persoas usuarias a través de visitas guiadas a principio de curso.
- Asesoramento e guía na busca de información e documentación.
- Recomendacións lectoras en diferente épocas do curso académico e para o verán.
- Transformar a biblioteca nun espazo físico e virtual vivo, aberto ao pracer da lectura que permita facer lectores competentes e que facilite o acceso igualitario aos recursos.
- Renovación e mantemento do mobiliario.
- Adecuación dos espazos para una lectura acolledora.
- Difusión das normas básicas do bo uso das redes sociais.
- Organización e revisión permanente dos fondos documentais: innovación, catalogación, localización, expurgo.
- Creación dun espazo específico con documentación de apoio á docencia, animación á lectura e contidos transversais.
- Revisión e axuste dos fondos documentais para adaptalos aos novos intereses e necesidades de alumnado e profesorado.
- A principio de curso, coordinación cos distintos departamentos para mercar os libros das lecturas obrigatorias e recomendadas.
- Recollida das necesidades tanto de fondos de ficción como informativos das áreas educativas.
- Recollida de propostas de toda a comunidade educativa a través das actividades: "Caixa de suxestións" e "O teu libro favorito".
- Difusión das novidades documentais adquiridas pola biblioteca escolar por diversas canles: cartelería, vitrina, boletíns e páxina web.

Así mesmo, desde a Biblioteca preténdese poñer en marcha o programa Radio na Biblio e continuar co Club de Lectura.

#### PFPP (PLAN de FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO)

No IES de Chapela considérase fundamental a actualización e formación continua do profesorado, por iso cada curso fomentamos as liñas de traballo que consideramos máis importantes, elixidas polo profesorado. Dende fai anos vimos desenvolvendo diferentes liñas de traballo formando grupos de traballo e realizando sesións de formación no centro. Durante este curso escolar levaráanse a cabo 3 grupos de traballo con 3 temáticas diferentes:

1. Practicas restaurativas no IES de Chapela.
2. Polos creativos no IES de Chapela.
3. A creación de contidos dixitais no IES de Chapela.

#### ESCOLA DE FAMILIAS

Desde o IES de Chapela quérese ampliar a formación e a información ás familias, para iso retomouse a Escola de Familias, que trata de achegar diferentes temáticas de interese e actualidade ás familias para axudarlles na crianza dos seus fillos e fillas e poñer en contacto ao centro coas familias. A escola de familias lévase de forma conxunta cos colexios de referencia para o IES.

#### EDIXGAL

Por último, cómpre tamén facer referencia á participación do noso centro no programa Edixgal, do que xa se avanzaron algunhas das liñas mestras no apartado centrado nos materiais e recursos. Tanto no Decreto 156/2022 como no 157/2022, nos que se desenvolven os currículos da LOMLOE, recóllese a importancia do desenvolvemento do currículo nun contorno dixital.

As TIC desenvolven un papel fundamental na sociedade actual porque proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, as TIC achéganlle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais. Na resolución de problemas coas TIC conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das novas tecnoloxías proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

Consideramos que para formar alumnos e alumnas que sexan dixitalmente competentes necesitamos empregar as TIC como ferramenta na práctica docente diaria, tanto no traballo de aula como no traballo persoal que o alumnado fai nas súas casas. Con este fin, durante o curso 2019/20 o IES de Chapela solicitou a súa incorporación ao programa EDIXGAL (Resolución do 11 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2020/21).

Unha vez concedido, durante o curso 2020/21 implantouse EDIXGAL nos cursos de 1º ESO dotando a todo o alumnado dun ordenador portátil, a modo de cesión, para o seu uso académico. Nese mesmo ano, e tendo en conta a situación vivida coas dificultades que presentaba o ensino dixital no contexto da pandemia, decíuse ampliar o programa a toda a etapa de ESO. A comezos do curso 2021/22 EDIXGAL quedou implantado en todos os cursos de ESO.

Actualmente, todo o alumnado de ESO do IES de Chapela dispón dun ordenador portátil para uso académico durante as sesións lectivas e que leva para a casa, para poder dar continuidade á metodoloxía empregada na aula, dotando de recursos ás familias con máis dificultades socioeconómicas.

### **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

A revisión, avaliación e modificación da concreción curricular enténdese como un procedemento ineludible para avanzar cara á excelencia no proceso de ensino-aprendizaxe. Por isto, desde o noso centro outorgámoslle unha grande importancia a esta cuestión, para o que decidimos afrontar este procedemento en varias fases.

En primeiro lugar, consideramos transcendental que cada departamento faga o mesmo proceso para avaliar o cumprimento do establecido nas programacións didácticas das distintas materias e módulos impartidos, co fin de identificar aspectos susceptibles de mellora e poder compartilos na última sesión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do curso. E, tendo en conta isto, nesa mesma reunión valorarase, de forma conxunta, o grao de cumprimento do establecido na presente concreción curricular, para o que se utilizará a seguinte rúbrica, graduando o nivel de cumprimento de cada apartado cunha escala na que o 1 significa "Moi baixo" e o 4, "Moi alto":

1. Coherencia da adecuación dos obxectivos da etapa ao contexto do centro.

2. O proceso de ensino-aprendizaxe logrou contribuír de forma equilibrada ao desenvolvemento de todas as competencias.
3. Os elementos transversais traballáronse de forma equilibrada en todas as materias e niveis.
4. A metodoloxía empregada foi axeitada e variada.
5. Os materiais e recursos empregados foron variados e adaptados ás necesidades e á diversidade do alumnado.
6. A oferta educativa impartida ofreceu as máximas posibilidades de desenvolvemento académico do alumnado.
7. Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocionou con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores foron coherentes e adecuados ás necesidades e á diversidade do alumnado.
8. Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que permaneceu un ano máis no mesmo curso foron coherentes e adecuados ás necesidades e á diversidade do alumnado.
9. Os criterios xerais para a avaliación e, de ser o caso, a promoción e a titulación son coherentes e axústanse á normativa.
10. Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra ou mencións honoríficas son coherentes e axústanse á normativa.
11. As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas son coherentes, axústanse á normativa e facilitan a información necesaria a alumnado e familias.
12. Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas son coherentes e foron debidamente comunicados á comunidade educativa.

## **o) Outros apartados**

### **1. O IES CHAPELA, O QUE QUEREMOS**

No IES de Chapela temos unha liña de traballo que queremos contaxiar a toda a comunidade educativa para que se atope feliz no centro. Perseguimos que toda a comunidade veña ao centro a gusto a traballar e estudar, que sexa un centro amable, construtivo, diverso e acolledor en que todo o mundo teña o seu lugar.